

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro        | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 36001148 | CPI da Cañiza | A Cañiza | 2024/2025     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Relixión católica           | 4º ESO | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 24            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 25            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 25            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 25            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 26            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 27            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 28            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 29            |
| 9. Outros apartados   | 30            |

## 1. Introducción

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:

Normativa estatal

Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de diciembre, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas del Bacharelato.

Normativa Autonómica

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000.

A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común.

Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fecultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiran os

elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns e cidadás.

Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Secundaria Obrigatoria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá e os seus principios e valores sociais. Responde á necesidade de comprender criticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e á súa inserción social nos ámbitos propios da vida adulta.

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.

Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da LOMLOE e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

A presente programación adáptase ao ritmo e necesidades do momento evolutivo no que se atopa o alumnado, mantendo a coherencia na secuenciación dos contidos, a metodoloxía e as claves pedagóxicas para a etapa.

De acordo co modelo competencial establecido pola LOMLOE, esta programación céntrase no desenvolvemento práctico de habilidades e competencias fundamentais tanto para o progreso persoal do alumnado como para a súa participación activa na sociedade.

Todos os elementos que constitúen o proceso de Aprendizaxe competencial intégranse en situacións de aprendizaxe. Estas situacións contextualizadas implican a posta en práctica, de forma integrada, de competencias e saberes, a través dun problema motivador, relevante e significativo.

Os docentes da materia de Relixión Católica propoñemos situacións de aprendizaxe estimulantes, significativas e integradoras, contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral do alumnado en todas as súas dimensións. Estas situacións de aprendizaxe terán unha formulación precisa das aprendizaxes esenciais da materia de Relixión Católica que se esperan conseguir. Estas situacións presentarán retos ou problemas cunha complexidade coherente co desenvolvemento do alumnado, cuxa resolución implique a realización de distintas actividades e a mobilización das aprendizaxes que se buscan para a creación dun produto ou a resolución dunha acción; favorecerán a transferencia das aprendizaxes adquiridas na materia de Relixión a contextos da realidade cotiá do alumnado, en función do seu progreso madurativo. Búscase contribuír ao diálogo, ao pensamento creativo e crítico, así como á inclusión, a sustentabilidade e a cidadanía global.

As situacións de aprendizaxe na materia de Relixión Católica teñen en conta os centros de interese do alumnado e posibilitan a mobilización coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas, actitudes e valores propios desta materia.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

| <b>Obxectivos</b>  | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.   | 1-3        |           |             | 1-4       | 1-2-4-5      |           | 2-3       | 3           |
| OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.   | 2-5        | 3         | 5           | 3         | 3            | 1-2-4     | 1         |             |
| OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do Reino de Deus, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.   | 1-5        |           | 3           | 1         | 3            | 3-4       | 1         | 3           |
| OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.        | 4          | 3         |             | 2-3       |              | 3         |           | 1-2-4       |
| OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1          |           |             |           | 1-3-5        | 3         | 2         | 1-3         |
| OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.   | 2-3        |           | 4           | 1         | 4-5          | 1-4       | 3         | 1           |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                 | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A casa é de todos.     | O ser humano está chamado a convivir con outros nun espazo compartido, unha casa común. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre o coidado da natureza e a importancia do compromiso.   | 15             | 4          |          | X        | X        |
| 2  | Normas de convivencia. | Todas as sociedades organízanse de distintas maneiras. Xesús propón unha forma de organización completamente diferente, o Reino de Deus. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos reflexionarán sobre cómo a Igrexa Católica se constrúe e se presenta ante os demais a partires da mensaxe de Xesús e a súa tradución nun conxunto de características que a definen en relación ás demais relixións.            | 5              | 3          | X        |          |          |
| 3  | Chegan reforzos.       | O feito de vivir nunha sociedade globalizada non implica que sexa mellor que os anteriores modelos de convivencia e de fe. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado abordará as novas propostas de relixións/crenzas contemporáneas en torno aos valores tradicionalmente cristiáns.   | 5              | 3          | X        |          |          |
| 4  | Xeitos de convivir.    | Facerse irmán doutros implica unha transformación persoal e unha mirada empática que asume as particularidades dos outros (relixión, cultura...). Neste ámbito os alumnos analizarán as características doutras relixións, neste caso orientais.  | 15             | 4          | X        | X        |          |
| 5  | Amigos para sempre.    | O mundo está dividido por razóns económicas, políticas e sociais . Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre as grandes rupturas que, no seo do cristianismo, se produciron no século XVI, dando lugar a grandes reformas e profundizará sobre a necesidade de potenciar os elementos comúns que nos vinculan a todos para facer realidade o que o Papa Francisco chama "Fraternidade social". | 5              | 3          |          | X        |          |
| 6  | Non sempre funciona.   | O pecado é unha realidade presente no ser humano e na historia da Igrexa e a necesidade de reconciliación. Neste ámbito os alumnos van reflexionar sobre diversos momentos da historia do cristianismo que provocan controversia: As Cruzadas e a Inquisición Española.   | 15             | 4          |          | X        | X        |
| 7  | Comunidade de bens.    | Para os cristiáns é importante coñecer e valorar os bens que, como humanidade compartimos e que debemos protexer como un valor imprescindible. Neste  | 12             | 4          | X        |          |          |

| UD | Título                                 | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | Comunidade de bens.                    | sentido os alumnos reflexionarán sobre as aportacións e a influencia das relixións en diversos eidos culturais e sobre como éstos abordan os elementos relixiosos.  | 12             | 4          | X        |          |          |
| 8  | Corresponsabilizándonos.               | Asumir responsabilidades é comprometerse na procura do ben común. Neste senso os alumnos van reflexionar sobre a situación do cristianismo durante o século XX (concretamente durante a primeira metade do século XX) e sobre a transformación vivida pola Igrexa e as súas aportacións como consecuencia do acontecido nesa primeira metade de século. | 10             | 4          |          |          | X        |
| 9  | Descubrinto o rostro do Deus de Xesús. | Todos temos unha imaxe concreta das persoas coas que nos relacionamos. con Deus pasa exactamente o mesmo. Neste senso, o alumnado reflexionará sobre as falsas imaxes de Deus e profundizará no rostro verdadeiro do Deus de Xesús, co obxectivo de clarificar e purificar a propia imaxe de Deus.  | 18             | 6          |          | X        |          |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD       | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1  | A casa é de todos. | 4        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.  | Descobre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá.<br>É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais.<br>Defende a dignidade humana desde a antropoloxía cristiá.<br>Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida. |    |     |
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Compón un proxecto persoal de vida con sentido.<br>Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais.<br>Coida a natureza e aos demais.<br>Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida.                             | TI | 100 |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.  | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros.<br>Crea lazos de solidariedade.<br>Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns.<br>Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.   |           |          |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | Analiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal.<br>Busca a construción da fraternidade universal.<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso.<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.    |           |          |
| CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades.  | Analiza a promoción da diversidade cultural.<br>Expresa e achega as experiencias propias na promoción da diversidade cultural.<br>Domina o respecto ás diferenzas entre persoas e comunidades.<br>Admira o patrimonio cultural respectando todas as experiencias e recoñecendo que son portadoras de sentido. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.</li> <li>- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.</li> </ul> |



| UD | Título da UD           | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 2  | Normas de convivencia. | 3        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.   | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros<br>Crea lazos de solidariedade<br>Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns<br>Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade            |    |     |
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Participa na construción de sociedades xustas e democráticas.<br>Reforza vínculos sociais e interxeracionais.<br>Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional.<br>Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.  |    |     |
| CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais.  | Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común.<br>Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común<br>Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común<br>Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais  | TI | 100 |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.                    | Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal<br>Busca a construción da fraternidade universal<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatología cristiá co progreso<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade |    |     |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.   | Comprende o significado da Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesús<br>Recoñece o compromiso social da comunidade dos discípulos de Xesús como esencia do cristianismo<br>Estima a contribución da Igrexa á cultura e á historia<br>Demostra un achegamento ás crenzas e os valores propios da fe cristiá    |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.</li> </ul> |

| UD | Título da UD     | Duración |
|----|------------------|----------|
| 3  | Chegan reforzos. | 3        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.                | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros<br>Crea lazos de solidariedade<br>Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns<br>Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade           |    |     |
| CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais. | Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común.<br>Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común<br>Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común<br>Implícase no fomento do ben común creando proxectos que poden ter opcións profesionais | TI | 100 |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | <p>Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal</p> <p>Busca a construción da fraternidade universal</p> <p>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso</p> <p>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade</p> |           |          |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.               | <p>Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural.</p> <p>Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas.</p> <p>Aprecia o valor que pode chegar as súas creacións.</p> <p>Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.</p>                      |           |          |
| CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro.  | <p>Coopera en contextos plurais para favorecer a convivencia social.</p> <p>Mostra respecto ás opcións persoais.</p> <p>Promove espazos de diálogo e encontro.</p> <p>Coexiste con persoas nun mesmo ambiente de maneira respectuosa a pesar das diferentes culturas e respecta todas as opcións persoais.</p>                        |           |          |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.  | <p>Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal</p> <p>Busca a construción da fraternidade universal</p> <p>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso</p> <p>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade</p> |           |          |
| CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.  | <p>Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas de coñecemento.</p> <p>Analiza as distintas tradicións culturais e relacionaas co saber relixioso.</p> <p>Contrasta co saber relixioso os paradigmas científicos, tecnolóxicos e outras cosmovisións</p> <p>Compara outras cosmovisións e respectando a pluralidade.</p>        |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.</li> <li>- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Xeitos de convivir. | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas.   | Compón un proxecto persoal de vida con sentido<br>Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais<br>Coida a natureza e aos demais.<br>Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida                                       | TI        | 100      |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.   | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros<br>Crea lazos de solidariedade<br>Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns<br>Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade |           |          |
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Participa na construción de sociedades xustas e democráticas.<br>Reforza vínculos sociais e interxeracionais.<br>Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional.<br>Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal<br>Busca a construción da fraternidade universal<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade |           |          |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.               | Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural.<br>Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas.<br>Aprecia o valor que pode chegar as súas creacións.<br>Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.                      |           |          |
| CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal.   | Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas.<br>Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido.<br>Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo<br>Confecciona as súas propias respostas e a adáptaa á súa situación persoal.                           |           |          |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.  | Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal<br>Busca a construción da fraternidade universal<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.</li> <li>- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.</li> <li>- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.</li> <li>- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.</li> <li>- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.</li> <li>- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.</li> <li>- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.</li> <li>- Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático.</li> </ul> |

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 5  | Amigos para sempre. | 3        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais.  | Descubre os trazos esenciais da antropoloxía cristiá<br>É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais<br>Defende a dignidade humana desde os trazos esenciais dunha antropoloxía cristiá<br>Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida. | TI | 100 |
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Compón un proxecto persoal de vida con sentido<br>Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais<br>Coida a natureza e aos demais.<br>Toma como referencia a Xesucristo na construción dun proxecto persoal de vida   |    |     |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade.   | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros<br>Crea lazos de solidariedade<br>Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns<br>Ocúpase do coidado persoal e dos outros favorecendo respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade               |    |     |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Participa na construción de sociedades xustas e democráticas.<br>Reforza vínculos sociais e interxeracionais.<br>Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional.<br>Considera os principios e valores do maxisterio social da Igrexa.  |    |   |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.                    | Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal<br>Busca a construción da fraternidade universal<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade |    |   |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo.                                  | Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural.<br>Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas.<br>Aprecia o valor que pode achegar as súas creacións.<br>Relaciona as súas contribucións estéticas, éticas e artísticas con contextos actuais e promove a súa memoria.                     |    |   |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica.   | Compara e analitiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal<br>Busca a construción da fraternidade universal<br>Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso<br>Actúa con sensibilidade ante situacións de empobrecemento e vulnerabilidade |    |   |
| CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade.   | Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas de coñecemento.<br>Analiza as distintas tradicións culturais e relacionaas co saber relixioso.<br>Contrasta co saber relixioso os paradigmas científicos, tecnolóxicos e outras cosmovisións<br>Compara outras cosmovisións e respectando a pluralidade.        |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. |

**Contidos**

- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais.
- Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.
- Respecto ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián.
- A esperanza cristiá e a santidad.

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 6  | Non sempre funciona. | 4        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
